

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

EXPOSICIÓN PÚBLICA DA APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL N.º 7: REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE SUMIDOIROS E POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

Aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal n.º 7

O Pleno do Concello de Xinzo de Limia, en sesión ordinaria do día 7 de outubro de 2025, acordou a aprobación provisional da modificación da seguinte ordenanza:

* Ordenanza fiscal n.º 7: reguladora da taxa polo servizo de sumidoiros e pola prestación do servizo de tratamento e depuración de augas residuais.

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días hábiles, que contarán desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os/as interesados/as poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido o dito prazo non se presentaran alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Documento asinado electronicamente. O alcalde.

Asdo.: Amador Díaz Penín.

R. 2.732

